

A hand pointing upwards is centered in the background of a blue header. Overlaid on the hand and background is a network diagram consisting of several circular nodes, each containing a person icon, connected by thin lines. The text 'PLAN DIGITAL' is written in large, white, bold, sans-serif capital letters across the middle of the hand.

PLAN DIGITAL

CEIP Plurilingüe Lope de Vega

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O Colexio de Educación Infantil e Primaria LOPE DE VEGA é un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Ten o seu enderezo na rúa Emilia Pardo Bazán nº 119, C.P. 36214-Vigo

Código de centro: 36010538

N.I.F.: S8600061I

Teléfono: 886111165

mail: ceip.Lopedevega@edu.xunta.gal

web: edu.xunta.es/centros/ceipLopedevega

O 18 de xuño de 1996, segundo Orde da (D.O.G. 21/06/1996), o centro pasa a denominarse COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA LOPE DE VEGA (C.E.I.P. Lope de Vega), quedando xurídicamente constituido por 6 unidades de Ed. Infantil e 18 unidades de Ed. Primaria.

- **Persoal docente**

- .- 6 mestres titores de Ed. Infantil
- .- 2 mestres de apoio de Ed. Infantil
- .- 1 mestre de Audición e Linguaxe
- .- 2 mestres de Pedagogía Terapéutica
- .- 1 Orientador
- .- 2 mestres especialistas de Ed. Musical
- .- 3 mestres especialistas de Ed. Física
- .- 3 mestres especialistas en Filoloxía Inglesa
- .- 1 mestra especialista en Filoloxía Francesa (titor de ed. primaria)
- .- 17 mestres titores de Ed. Primaria
- .- 2 mestres de Relixión Católica, ún compartido con outro centro.
- .- 1 mestre de Relixión Evanxélica compartida con outro centro

-**Alumnado**

Durante este curso 2021/2022 a distribución por cursos é a seguinte:

- .- 29 de 4º de Ed. Infantil
- .- 30 de 5º de Ed. Infantil
- .- 34 de 6º de ed. Infantil
- .- 44 de 1º de Ed. Primaria
- .- 54 de 2º de Ed. Primaria
- .- 54 de 3º de Ed. Primaria
- .- 63 de 4º de Ed. Primaria
- .- 68 de 5º de Ed. Primaria

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O C.E.I.P. Lope de Vega, situado nun barrio da cidade de Vigo, ten un entorno urbano na case a súa totalidade. A maioría do alumnado provén da zona educativa nº 7 que abrangue dende o río Lagares, na parroquia de Sárdoma ata os lindes co mar na zona máis urbana da cidade; tamén limita esta zona coa Av de Madrid e o barrio de Lavadores ata a rúa Gran Vía e os barrios de Castrelos e Travesas.

É, polo tanto un centro eminentemente urbano, o seu alumnado pertence a maioría á clase media (traballadores do sector terciario e de servizos), ten unha gran porcentaxe de alumnado de orixen estranxeiro e a lingua predominante entre as familias é o castelán.

O Plan Dixital de centro debe ser o instrumento que adapte e facilite o uso dos medios no proceso de ensino-aprendizaxe, entendido desde obxectivo de desenvolvemento do alumnado completo e integral.

É fundamental dar un enfoque de centro ao uso dos recursos pedagóxicos dixitais, aproveitando as posibilidades e recursos dispoñibles, para que se convirta nun proxecto compartido para os membros da comunidade educativa, que dé coherencia e guíe no uso das tecnoloxías. Será un instrumento que forme parte do Proxecto Educativo e a Programación Xeral Anual.

Para a elaboración do Plan Dixital de centro, partimos da premisa de que o uso xeneralizado das tecnoloxías de información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá acelerou cambios profundos na comprensión da realidade e no xeito de comprometerse e participar nela. Por iso, con este Plan creemos necesario desenvolver prácticas de investigación e experimentación partindo duha visión integral do coñecemento e dos retos tecnolóxicos e dixitais en todos os campos do saber. Preténdese :

- Dar solución ás novas inxerencias que ten o alumnado, desenvolvendo as súas capacidades creativas e de organización, e promovendo as súas competencias dixitais.
- Fomentar accións que impliquen a participación de nais e pais xunto cos seus fillos e fillas en actividades tanto de formación como de creación no ámbito audiovisual e tecnolóxico.
- Facilitar a aprendizaxe e a solución conxunta de proxectos coa participación de alumnado, profesorado e familias.
- Empregar a programación e a robótica educativa como medio para acceder aos contidos do currículo dun xeito diferente.

O mundo dixital é un novo hábitat no que a infancia e a mocidade viven cada vez máis, nel aprenden, relaciónanse, consumen, gozan do seu tempo libre. Co obxectivo de que o sistema educativo adopte o lugar que lle corresponde no cambio dixital, debemos traballar pola atención ao desenvolvemento da competencia dixital do alumnado das nosas etapas educativas.

Esta idea debe verse reflectida cada curso na Programación Xeral Anual e servir de referencia para promover e mellorar a nosa participación en programas e proxectos de innovación educativa :

Edixgal, Polos creativos...dando continuidade á traxectoria que comezamos hai catro cursos onde a meirande parte do profesorado participa nas formacións en ferramentas dixitais, traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais, linguaxes de programación (robótica), ben sexa como asistente a cursos externos ou formando parte dos PFPP que se levan a cabo no centro.

1.3. Breve xustificación do mesmo.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Por último a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, establece as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia

O procedemento a seguir será:

Realizar a análise da situación do centro a través das ferramentas para a diagnose de situación SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente.

Realizar a diagnose de situación do centro.

a) A partir do Informe SELFIE, o centro poderá xerar un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que lle permitirá a análise de situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.

b) O Informe Individual do test CDD permitirá ao centro educativo avanzar nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital, permitindo planificar unha formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente. Así mesmo, o informe de centro permitirá planificar a liña de formación a través dos PFPP. Finalmente procederase a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.

No último trimestre do curso 2021-2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o claustro.

1.4. Proceso de elaboración

O equipo de dinamización do Plan dixital constituíse coa maioría dos membros do equipo TIC e como representante do equipo directivo asumiu a participación o secretario do centro.

Despois do establecemento dun primeiro contacto co centro educativo, a nosa mentora do equipo ADIX enviou á persoa coordinadora as instrucións para formalizar o autorregistro na aplicación informática e a partir de ahí elaboráronse os documentos secuencialmente.

En primer lugar, configúrouse o cuestionario SELFIE pero non conseguimos unha participación mínima do alumnado, así que se repetiu o cuestionario engandando unha serie de cuestións de carácter obrigatorio que a Consellería ordenou a posteriori.

No segundo trimestre o profesorado voluntario realizou o test de Competencia Dixital Docente .

Asistimos á primeira formación online en marzo para elaborar o DAFO e a unha segunda formación en abril para definir os obxectivos do plan de Acción, tendo en conta os resultados do informe SELFIE e o DAFO.

Unha vez elaborada a táboa cos obxectivos do Plan de Acción nas diferentes áreas e seguindo un documento guía facilitado pola Consellería conseguíuse esta primeira versión do noso PLAN DIXITAL.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

No centro contamos coa seguinte dotación:

Dotación de aula.- As 18 aulas de Ed Primaria e 6 de Ed.Infantil contan cun ordenador(sobremesa ou portátil), canóns e pizarras dixitais. Destes, 10 necesitan ser substituídos.

A conexión a internet dentro das aulas pode ser a través de cable ou a través de wifi, o que facilita o uso de tablets adquiridas polo centro para o departamento de Orientación e Inglés.

Aula de informática.- Cunha dotación de 14 equipos informáticos de sobremesa, proxector e conexión a internet a través de cable. Estes equipos son susceptibles de renovación pois están obsoletos.Neste último trimestre procedeuse a adquisición dun carro informático para albergar 10 equipos de préstamo da Consellería, utilizándose como aula de informática itinerante.

PT e AL.-Dúas aulas de Pedagogía terapéutica e unha de Audición e Linguaxe contan con ordenador de sobremesa pero dous están obsoletos.

Música.-Os especialistas de música contan cun ordenador na súa aula.

Biblioteca.- dispón de 6 equipos, dous para o profesorado e 4 para o alumnado (dous antigos)

Inglés.- O Departamento conta cun ordenador de sobremesa .

Ed. Física.- Non ten equipos.

Orientación.-Ordenador de sobremesa.

Sala de mestres.- conta con 4 equipos dos cales, 3 necesitan ser substituídos.

Equipos de Xestión e Administración.- En canto a equipos de Xestión e Administración no edificio administrativo(Dirección e secretaría) dispoñemos de 4 equipos en boas condicións.

Proxecto específico.-Inmersos no programa Digicraft da Consellería ,para os cursos de 5º e 6º de Primaria, utilizamos 12 ultraportátiles en depósito.

O Centro conta unha páxina web moi activa, a través da mesma, dase cumprida información a comunidade educativa puntualmente.

Aula Virtual.-Outro servizo corporativo moi utilizado é a Aula Virtual , fundamentalmente desde 3º de Primaria , aínda que nos cursos inferiores están enlazados os seus blogues.

Servizos dixitais educativos.-

Abalar móbil: ferramenta cada vez é mais utilizada tanto polos titores como polo equipo Directivo como vía de comunicación.

Páxina Web : O Centro conta unha páxina web moi activa, a través da mesma, dase cumprida información a comunidade educativa puntualmente.

Mantemento.-A xestión e mantemento dos equipos informáticos faise a través dunha empresa externa .

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Nas cifras que figuran a continuación, recóllense as respostas medias dos membros do equipo directivo, do profesorado e do alumnado en relación a cada unha das áreas, a través da autoavaliación SELFIE.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.4				
	Profesorado	2.6				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.4				
	Profesorado	2.2				
	Alumnado	3.4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	2.7				
	Alumnado	3.7				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.9				
	Profesorado	2.6				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.1				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado	3.5				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.6				
	Profesorado	2.9				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.5				
	Profesorado	2.5				
	Alumnado	3.7				

Test CDD: Recóllense nas seguintes táboas a información relativa á participación do profesorado no test de Competencia Dixital Docente así como os resultados relativos ao perfil do profesorado participante.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	19	37	51.4%
PROVISIONAL	1	2	50%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	3	5	60%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
69.8	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	55	Explorador/a (A2)	68.2	Integrador/a (B1)
Pri	72	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	12	50%
B1	7	29.2%
B2	5	20.8%
C1		
C2		
TOTAL	24	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e dos resultados do Test CDD o equipo de dinamización do Plan Dixital elaborou unha análise DAFO que representa a realidade do centro no edio dixital.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		<ul style="list-style-type: none"> A infraestrutura dixital do centro é insuficiente.
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> O noso centro conta cunha estratexia dixital. O centro dispoñe de asistencia técnica cando surden problemas coas tecnoloxías dixitais. Debatimos co noso profesorado sobre as súas necesidades de D.Profesional continuo no relativo á ensinanza con tecnoloxías dixitais. O profesorado busca recursos educativos dixitais en liña e crea os seus propios recursos. O profesorado emprega entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. O profesorado utiliza as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado. Dende o centro educativo promóvese a participación do profesorado en actividades formativas individuais organizadas polas Administración Educativa para a 	<ul style="list-style-type: none"> Adopción da tecnoloxía. Normalmente o profesorado empeza a usar as tecnoloxías dixitais cando comencian os compañeiros/as. O profesorado non dispón de tempo para explorar como mellorar o seu método de ensinanza con tecnoloxías dixitais No noso centro apenas evaluamos os nosos progresos en materia de ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais Noso profesorado non utiliza tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa su aprendizaxe . No noso centro non debatimos sobre as vantaxes e desvantaxes da ensinanza aprendizaxe con tecnoloxías dixitais No centro non dispoñemos de espazos físicos que faciliten o ensino aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.

		<p>actualización das competencias dixitais do profesorado.</p> <ul style="list-style-type: none"> Nas aulas hai equipamento informático mercado polo propio centro. 	
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> Dispoñemos de asistencia técnica. O profesorado proponnos diferentes actividades que requiren o uso de tecnoloxías acordes as nosas necesidades. Utilizamos a tecnoloxía para traballar en grupo. Aprendemos a actuar de xeito seguro e responsable en internet e respetando aos demais. Aprendemos a comprobar se a información que atopo e internet é fiable e precisa. O alumnado non precisa empregar software de pago para a realización das actividades propostas desde o centro educativo. O alumnado pode facer un seguimento das tarefas a través da aula virtual do centro na maioría das materias Son coñecedor/a das vantaxes do emprego de software libre no ámbito educativo e dispoño e fago uso deste tipo de ferramentas no centro. 	<ul style="list-style-type: none"> No centro, o alumnado non utiliza moito a tecnoloxía nalgunhas materias.
	FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> As familias e o alumnado atopan a información que precisan na Web do centro O alumnado ten acceso a dispositivos dixitais fora do centro O alumnado e ás familias chéganlles avisos e notificacións a través da aplicación AbalarMobil. Ademais pódense xustificar as faltas ou pedir titorías. 	<ul style="list-style-type: none"> A tecnoloxía no fogar, emprégase pouco para as tarefas escolares. A tecnoloxía no fogar emprégase fundamentalmente para actividades de lecer
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> A administración posibilita a formación do profesorado a través dos PFPPs en centros e outras canles. 	<ul style="list-style-type: none"> No centro, a infraestrutura dixital non respalda a ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. Os recursos son insuficientes.
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		

	OUTRAS ENTIDADES		
--	------------------	--	--

3. Plan de Acción

Cos datos obtidos no DAFO centrámonos no apartado de Debilidades e Ameazas do Persoal Docente ,alumnado e familias para tentar elaborar un plan de acción que nos levara a mellorar a nosa práctica na aula como prioridade. Así pois centrámonos nos seguintes apartados para a elaboración dun plan de acción cara o próximo curso:

- Necesidades Desenvolvemento profesional continuo.*
- Creación de recursos dixitais e dispoñibilidade de tempo.*
- Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe.*
- Ferramentas dixitais para levar a cabo prácticas de avaliación.*

Do mesmo xeito, para a realización de este plan de acción, priorizáronse as necesidades dos docentes e do centro educativo, tendo en conta os recursos humanos e materiais cos que conta o Centro.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Nas seguintes táboas establécense os obxectivos que queremos conseguir, indicando ata onde queremos chegar e tendo en conta o valor de partida. Asimesmo determínanse as accións , temporalización, recursos e responsables de que se cumplan estes obxectivos.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

	Dotación	Necesidade	Finalidade
Infraestrutura	<i>Rede cableada(Xunta)</i>	<i>Mellorar a conectividade cableada</i>	<i>Garantizar o uso efectivo dos dispositivos eferramentas tecnolóxicas</i>
Equipamento	<i>10 equipos para aula. 14 equipos aula informática 2 Biblioteca 3 Sala de mestres 2 PT/AL</i>	<i>Equipos obsoletos.Problemas constantes durante el curso.Limitación en la realización de tareas con el alumnado.</i>	<i>Mellorar o desenvolvemento das actividades de ensinanza-aprendizaxe</i>
	<i>1 portátil E.Física</i>	<i>Departamento Ed.física no existe equipo.</i>	<i>Competencia dixital e reforzo das materias</i>
	<i>12 tablet</i>	<i>Non dispoñemos</i>	<i>Traballo cooperativo</i>
	<i>Micrófono Croma</i>	<i>Non dispoñemos</i>	<i>Proxectos e videos.Gravacións.</i>
Servizos dixitais	<i>Unha app de mensaxería instantánea corporativa (tipo Telegram)</i>	<i>Precisamos comunicarnos eficientemente e non é posible coas ferramentas actuais.</i>	<i>Mellorar a comunicación e facilitar o intercambio de experiencias.</i>

Táboas do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Liderado						
• 1. OBXECTIVO :	Promover a aplicación AbalarMobil para xustificar as faltas, pedir titorías e para facer avisos e notificacións xerais.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de titores-as que realizan as notificacións ás familias por AbalarMobil.					
Valor de partida	20%					
Valor previsto e data	100%			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS (SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1 Fomentar a titorización entre iguais para formar as persoas titoras na ferramenta Abalar móvil.	Equipo TIC	Setembro 2022	Dispositivos móbiles e ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2 Potenciar o uso de AbalarMobil mediante o envío de notificacións periódicas.	Profesorado	2023 Xuño	Dispositivos móbiles e ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Competencia dixital do alumnado						
2. OBXECTIVO :	Promover o uso da aula virtual por parte do alumnado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades levadas a cabo polo alumnado de cada nivel na aula virtual.					
Valor de partida	<10					
Valor previsto e data	1 actividade por tema en cada materia			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: publicar actividades das distintas materias.	Coordinador /a TIC e profesorado	Xuño 2023	Actividades publicadas: tarefas, vídeos, fichas interactivas, kahoot...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2:traballar co alumnado na aula as actividades publicadas.	Coordinador/a TIC e profesorado	Xuño 2023	Actividades publicadas: tarefas, vídeos, fichas interactivas, kahoot...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo						
3. OBXECTIVO :	Asignar tempos que faciliten a creación e publicación de contidos dixitais para o traballo co alumnado nas aulas.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de sesións dispoñibles para o profesorado.					
Valor de partida	0 sesións					
Valor previsto e data	1 sesión semanal					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1:asignar 1 sesión semanal no horario docente para preparar materiais dixitais.	Xefatura de estudos	1ª semana de setembro	Temporalización		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2:implementar a teoría recibida nas diferentes formacións: actividades de avaliación, creación de contidos...	profesorado	Xuño 2023	Ordenadores e outros dispositivos móbiles		Realizada	

“Área/s de mellora”:		Prácticas de avaliación				
4. OBEXECTIVO :	Fomentar o uso de ferramentas dixitais para levar a cabo prácticas de avaliación			Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBEXECTIVO	Porcentaxe de cursos nos que se empregan ferramentas dixitais para avaliar.					
Valor de partida	5%					
Valor previsto e data	>50%			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A04.1: formación en procedementos e ferramentas dixitais de avaliación no moodle	Equipo directivo-coord. TIC's	Setembro 2022-xuño 2023	Solicitud de pfpp		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: incluír actividades de avaliación na aula virtual	profesorado	Xuño 2023	Aula virtual e actividades creadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Pedagogía: Apoios e recursos						
5. OBXECTIVO :	Fomentar o emprego da aula virtual como espazo de aprendizaxe no fogar				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de alumando que realiza algunha tarefa na aula virtual					
Valor de partida	Sen datos previos.					
Valor previsto e data	100%					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: publicar actividades avaiables e entregalas a través da aula virtual	profesorado	Xuño 2023	Aula virtual e actividades publicadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: creación de actividades motivadoras para o alumnado	profesorado	Xuño 2023	Aula virtual e actividades publicadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
05.3: elaborar cuestionarios (inicial e final) para as familias sobre o emprego da aula virtual no fogar	Equipo TIC	Setembro2023 xuño 2023	cuestionarios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo						
6. OBXECTIVO :	Promover a incorporación a proxectos dixitais da consellería (Edixgal, polos creativos...).				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de profesorado interesado en participar					
Valor de partida	Sen datos					
Valor previsto e data	>50%			Decembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A06.1: levar a cabo unha charla informativa sobre os diferentes proxectos	Coord. TIC's	Setembro 2022	Solicitud ao cfr		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.2: realizar unha enquisa ao profesorado para ver o seu interese en participar nestes proxectos	Equipo directivo	Decembro 2022	Enquisa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

O plan será avaliado de xeito continuo durante o curso escolar. Cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar se o obxectivo proposto foi acadado e se é preciso realizar modificacións no plantexamento das accións para que as propostas se materialicen.

Co análise destes indicadores, elaborárase un informe avaliativo final no que se recollerán os resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora e posibles modificacións das accións para cursos posteriores.

- No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre polo equipo TIC . Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da avaliación final, valorárase o logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

No último trimestre do curso 2021-2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o claustro. Logo de ser aprobado publicarase na páxina Web do centro para que sea coñecido por toda a Comunidade Educativa.